

..PREGÓN DAS FESTAS DE SAN FROILÁN 2018” Xoves 4 de
Outubro de 2018

Dous amores a vida gardarme fan
Dous amores a vida gardarme fan
A patria e o que adoro no meu fogar.
A familia e a terra onde eu nacín
Sen eses dous amores non sei vivir
Que sen amor nin patria non sei vivir

Señora Alcaldesa, Concelleira de Cultura, Concelleiros membros da Comisión de Festas, membros da Corporación Municipal, autoridades, moi queridos Pelúdez e Filomena, veciños de Lugo cidade, da provincia e forasteiros. Permíntanme que envíe uns saúdos especiais ós amigos chegados de Madrid, Barcelona, A Coruña, Santiago de Compostela e dun lugar moi querido para min que é A Pontenova.

É obrigado que a primeira manifestación que faga sexa de agradecemento a esta Corporación por terme escollido como pegoiro das nosas Festas de San Froilán de 2018 e a todos vostedes que se xuntan aquí ou escoitan e ven este Pregón a través de www.openradio.es en calquera lugar do mundo. Grazas a todos.

Non oculto que, ademáis da honra, sinto unha grande ilusión e que moitas veces soñei con este momento. É un regalo máis do meu Lugo natal que tantos regalos me fixo. Quero pagar unha débeda que teño coa cidade, coas suas xentes, con persoas e situacións que me marcaron e que, ó meu entender, fóronme

modelando, como modelaban o barro os meus devanceiros chairegos de Bonxe e axudaron a facer realidade boa parte dos meus soños.

Aínda que as Festas de San Froilán son esencialmente colectivas, para a xente da miña idade son unha mestura de MEMORIA e de CELEBRACIÓN . Esas van a ser as dúas partes do Pregón. Cada un de nós gardamos os nosos recordos e escollemos os motivos das nosas celebracións. Por iso ven a conto a famosa sentenza de Reiner María Rilke que di que “A verdadeira patria do home e a muller é a infancia” e hai pouco tempo, investigadores da Universidade de Oxford afirman que “A patria da memoria é a xuventude que se sitúa entre os 15 e os 25 anos. Nese decenio almacenamos a información que definirá quenes seremos o resto da nosa vida”. Todo ese camiño vivino eu en LUGO.

A miña MEMORIA comeza no Lugo dos anos 50. Estamos na Parroquia de San Froilán, a uns vinte pasos da Porta de San Fernando da Muralla, á que podía subir en calquera momento, Un neno, coa roupa de monaguillo, repica con forza e ledicia as dúas pequenas campás . Ás veces mesmo se colga nalgunha delas. Son as Festas do Patrón. O neno e a imaxe do Santo que preside o altar maior teñen a mesma idade. O Santo foi entregado polo artista Manuel Miranda en 1943. É un dato que él non coñece pero que explica as boas e longas relacións que terá co santo lugués durante unhas 15 anos, ata que deixa o Seminario onde nas súas fichas e documentos non figura o enderezo da súa casa, senón soamente: “Parroquia de San Froilán”. Ou sexa, San Froilán é da súa familia ou , cando menos, viven na mesma casa. Alí está o eremita que domesticou ó lobo que mostra na imaxe, xunto co báculo de bispo, cargo que, despois de rexeitar varias veces, finalmente aceptou no veciño León.

Pero imos á Festa Maior. O neno lembra vagamente ter ido cós seus pais ó Campo da Feira onde o gando era o protagonista xunto co pulpo cocendo nos grandes caldeiros de cobre e un cheiro inconfundible que lle gustará y recoñecerá toda a vida. Recorda que, na feira, había unha cega que cantaba a historia dalgún crime que tamén acompañaba cunha zanfoña.

É a tardiña e está caendo a noite. Pero agora non vai cos pais, vai cos amigos da Carretera da Coruña, onde naceu e vive. Non ten que andar moito. Xa non hai feira e o centro das Festas está na Praza de Santo Domingo, antigo Foro Romano, lugar moi preto da igrexa de San Froilán. A Festa Maior é unha explosión de luces, de música, de altosfalantes que chaman ós visitantes para que se achegen as súas barracas, por exemplo a Tómbola dos Xamóns que sortea grandes lotes de aparellos de cociña que deixan coa boca aberta ó neno de familia moi humilde e pensa qué ben lle virían a Valentina, a súa nai coraxe, que traballa arreo na pequena fábrica de pasta e de chocolate e nalgunhas casas, entre elas na do alcalde.

O neno, que, casi todos os días, escoita a radio e le o xornal “El Progreso” na casa dos donos do baixotellado onde él vive, leu onte que nesta tómbola gañaron o día anterior, uns premios especiais de un “dormitorio de luxo” un señor de Friol e unha radio-gramola con moble- bar un señor da rúa García Abad, precisamente no seu barrio “.¡Qué sorte! Cómo me gustaría a min ter unha radio”, pensa o neno. E vanse os rapaces a xerar adrenalina nos “coches que chocan”, batendo contra ós coches dos amigos, subindo nos asentos con cadeas no carrusel dos cabaliños, mestura de emoción e de medo pola centrifugación que ameaza que saian voando e proban sorte nas casetas de tiro. Pasan por “A sorte dos Paxariños” e pola porta de “Barriga Verde”, deixan para outro día entrar na de